Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Fonte das Boliqueiras

A Fonte das Boliqueiras está na parroquia do Aparral, As Pontes de García Rodríguez (A Coruña). As augas son ferruxinosas e foron moi aprezadas para curar a tuberculose e mailas anemias.

Na carballeira de arredor da fonte vive un encanto que nunca se deixa ver aínda que, sen embargo, facía ruídos semellantes ao estalar dun ramallo ou dunha póla cando rompe. Disque agora xa non se escoitan os sons do encanto da fonte das Boliqueiras porque non hai carballeira, foi aniquilada hai tempo pola avariza dunha empresa.

BIBLIOGRAFÍA

RIVERA ROUCO, E., *Estudio sobre la Historia de Puentes de García Rodríguez y su comarca*, As Pontes de García Rodríguez 1976.